

# **Reforzo e ampliación**

## **Língua galega 4<sup>o</sup> Ed. Primaria**

- Actividades de reforzo (AR)
- Actividades de ampliación (AA)

Nome e apelidos: .....

Curso: ..... Data: .....

**1** Une as palabras que signifiquen o mesmo:

curmán	esposo
marido	casamento
voda	primo
antepasados	devanceiros

**2** Ordena alfabeticamente a seguinte lista de palabras:

pai, irmán, padriño, avó, afillada, xenro, tía.

.....

**3** Entre as palabras anteriores, cales non atoparíamos así no dicionario? Con que forma teríamos que buscalas?

.....

**4** Clasifica os seguintes exemplos no cadro:

linguaxe de xordomudos, libro, debate, mímica, dicionario, conversa telefónica, cruz da farmacia, bandeira vermella na praia.

Comunicación verbal	Comunicación non verbal

**5** Rodea as maiúsculas e explica por que se usan nestes casos:

Sancho Panza .....

O rei león .....

rúa das Camelias .....

Vilaboa .....

Nome e apelidos: .....

Curso: ..... Data: .....

**1** Completa cada definición coa palabra correspondente:

.....: Muller unida polo matrimonio.

.....: Conxunto formado por dúas persoas.

.....: Facer de padriño.

.....: Persoa á que lle morreu o marido ou a muller.

**2** Escribe as palabras completas que corresponden ás abreviaturas desta carta:

Sra. D.<sup>o</sup> Lúa:

Escríbolle esta carta para saber por que Vde. xa non ten o brillo que tiña. Se é porque está enferma, gustaríame sabelo, coñezo unha médica moi boa que a curaría. É a Dra. Curazóns, que vive preto de aquí, na avda. da Estrela, n.<sup>o</sup> 15.

Mándolle un bico,

Sabela



.....  
.....

**3** Le este texto e contesta:

A min gústanme as cousas que conta mamá. As cousas de antes, como di ela. Ás veces non llas creo, porque non son de crer, pero eu calo e fago como que pasmo.

Papá non conta chistes, pero é chistoso, porque di cousas de chiste que non son chistes. Os grandes contan chistes e rin moito. Pero eu non os entendo. Por iso non río.

Concha Blanco: *A min que me importa!*, ed. Bruño

- Quen cres que conta esta historia? .....
- Como está escrito o texto, en primeira ou en terceira persoa? .....
- Subliña os verbos e as palabras do texto que así o indican.

Nome e apelidos: .....

Curso: ..... Data: .....

**1** Escribe tres alimentos para cada comida do día:

Almorzo .....

Xantar .....

Merenda .....

Cea .....

**2** Une con frechas os antónimos das dúas filas:

doce                      cru                      verde                      rico                      saboroso

maduro                      salgado                      asado                      insípido                      noxento

**3** Rodea os enunciados que son oracións:

Que lambón é Xulio!                      Estás de broma?                      Ai de min!  
Moito gusto.                      Teño sono.                      E ti por aquí?

**4** Emparella os suxeitos da primeira columna cos predicados da segunda:

Meu pai	ten un ordenador para ela soa.
Os alumnos	visitaron a lonxa.
Raquel	traballa nese restaurante.

- Subliña con distintas cores o núcleo do suxeito e do predicado.

**5** Divide estas palabras en sílabas e subliña a tónica:

mazá .....	limóns .....
plátano .....	almorzar .....
xamón .....	torradas .....

**6** Rodea as palabras anteriores que sexan agudas.

Nome e apelidos: .....

Curso: ..... Data: .....

**1** Localiza na sopa de letras oito nomes de alimentos. Despois clasifícaos.

C	E	R	E	I	X	A
E	M	I	L	L	O	T
B	P	A	C	Ñ	L	O
O	C	R	A	X	O	M
L	A	R	A	N	X	A
A	P	O	L	O	A	T
Z	X	Z	B	N	U	E

Hortalizas: .....

Cereais: .....

Carnes: .....

Froitas: .....

**2** Inventa o suxeito ou o predicado que faltan para completar as oracións:

..... pesoume as laranxas.

O zume de laranxa .....

..... xa están maduros.

A miña irmá Helena .....

**3** Todos estes nomes de animais son palabras agudas. Ponlles til cando corresponda:

avestruz      pingüin      colibri      leons      cempes      faisan

leiton      reiseñor      chimpance      xabaril      delfin      bacallau

**4** Le este texto e contesta:

Ana estaba sentada á porta da casa. Xa pasaran Suso e Rosa para a súa casa e a súa nai chamara a comer, pero Ana seguía alí, mirando para as bolboretas.

Helena Villar Janeiro

• Como está escrito o texto, en primeira ou en terceira persoa? .....

• Volve escribilo, pero en 1ª persoa.

.....

.....

.....

Nome e apelidos: .....

Curso: ..... Data: .....

**1** Completa a palabra que corresponde a cada definición:

\_\_\_ \_\_\_ \_\_\_ Í \_\_\_ R \_\_\_ \_\_\_: Pasta que se usa para limpar os dentes.

D \_\_\_ \_\_\_ O \_\_\_ O \_\_\_ \_\_\_ Z \_\_\_ \_\_\_ T \_\_\_: Produto para eliminar o mal olor nas axilas.

C \_\_\_ \_\_\_ \_\_\_: Substancia pastosa para o tratamento da pel.

\_\_\_ \_\_\_ L \_\_\_ N \_\_\_ \_\_\_: Líquido de aroma agradable que se emprega para ulir ben.

\_\_\_ A \_\_\_ P \_\_\_: Xabón líquido para lavar o cabelo.

**2** Indica se estas oracións enunciativas son afirmativas ou negativas:

– Eu nunca me ducho polas noites. ....

– O baño xa está listo. ....

– Non me gusta nada este xampú novo. ....

**3** Clasifica as seguintes oracións en enunciativas, exclamativas ou interrogativas:

– Que fría está a auga! .....

– Canta custa esa colonia? .....

– Non queres bañarte na piscina? .....

– O cuarto de baño desa casa é moi grande. ....

**4** Escribe A (aguda), G (grave) ou E (esdrúxula):

toalla

dentífrico

ducha

xampú

Álvaro

bañar

xabón

cóxegas

**5** Acentúa estas palabras e indica se son graves (G) ou esdrúxulas (E):

util

helicoptero

fabula

arbore

Cesar

xeroglífico

difícil

reptil

eléctrico

fútbol

debil

semaforo

Nome e apelidos: .....

Curso: ..... Data: .....

**1** Busca no dicionario a palabra **escuma** e escribe unha oración con cada significado:

.....

.....

.....

Como se chaman as palabras que teñen varios significados?

.....

**2** Le este fragmento dun conto popular e contesta:

Eran os últimos días do verán e o tempo xa estaba moi frío. Todos os paxaros marcharan xa cara ao sur, para pasar alí o inverno. Pero quedaba un paxariño que tiña unha á rota.

—Quizais aquelas árbores queiran acubillarme —pensou.

E batendo as ás como puido, chegou ata o bosque.

—Álamo precioso —dixo o pobre paxariño—, déixasme vivir nas túas pólas ata que veña o bo tempo?

—Ha, ha! —riu o álamo—. Vaia idea! Abondo traballo teño xa con vixiar as miñas pólas. Fóra de aquí.

- No texto hai partes en estilo indirecto e outras en estilo directo. Marca con dous corchetes [ ] os fragmentos que están en estilo directo.

- Escribe en estilo indirecto os fragmentos que marcaches.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Nome e apelidos: .....

Curso: ..... Data: .....

**1** Completa as oracións coa palabra axeitada de cada parella:

*ai!* – *hai*                      *bota* – *vota*                      *boa* – *voa*

– ....., que golpe levei! ..... que colocar esas caixas noutro sitio.

– Este ano, miña irmá ..... por primeira vez nas eleccións.

– Tes o cordón desa ..... desatado.

– Que ..... sorte! Desde aquí podemos ver como ..... a aguia.

**2** Escribe e completa:

tres nomes propios de persoa: .....

tres apelidos: .....

tres nomes de países: .....

• Todos se escriben con ..... porque son nomes .....

**3** Di se cada nome é individual ou colectivo:

letra	arquipélago	formiga	rabaño
carta	abecedario	ovella	enxameilla
	bosque	abella	bandada
árbore	baralla	paxaro	formigueiro

**4** Separa en sílabas os seguintes nomes de animais:

leopardo ..... carneiro .....

voitre ..... coello .....

toupa ..... camaleón .....

koala ..... peixe .....

reiseñor ..... león .....

• Escribe os ditongos e os hiatos.

Diptongos:

Hiatos:



Nome e apelidos: .....

Curso: ..... Data: .....

**1** Escribe os individuais correspondentes aos seguintes colectivos:

vaixela .....	equipo .....
piñeirai .....	orquestra .....
bandada .....	coro .....

**2** Descifra este arrollo de Antonio García Teijeiro coa seguinte clave para as vogais:

a = 1                      e = 2                      i = 3                      o = 4                      u = 5

D5rm3d4 n5n b3c4 .....

4 n2n4 2st1b1; .....

4s b23z4s d1 n13 .....

n4n 4 d23x1b1n. ....

4 r4str4 d4 n2n4 .....

n4n s2 2nr5g1b1; .....

4s 4ll4s d1 n13 .....

1l3 s2 p45s1b1n. ....

5n b3c4 d2 s4l .....

c4m4 4 qu2nt1b1! .....

1 n13 p1r2c31 .....

2ng134l1d1. ....

D5rm3d4 n5n b3c4 .....

4 n2n4 2st1b1; .....

5n b3c4 d2 1m4r .....




2l1 3nv2nt1b1. ....

- Subliña os versos que se repiten.

Nome e apelidos: .....

Curso: ..... Data: .....

**1** Escribe os nomes dos debuxos. Ten en conta que todas son palabras compostas:



.....

**2** Forma o feminino destes nomes masculinos:

rapaz → .....

bailarín → .....

home → .....

profesor → .....

actor → .....

rei → .....

**3** Escribe o plural destes nomes:

can


luz

sofá

muller

.....

**4** Escribe o nome destes debuxos. Fíxate se levan til diacrítico ou non:



.....

**5** Como se chaman as narracións nas que os personaxes falan e actúan como as persoas? Pon un exemplo dalgunha coñecida.

.....  
 .....

Nome e apelidos: .....

Curso: ..... Data: .....

**1** Le as pistas e escribe os nomes destes animais:

Voa nun enxame e vive na colmea. ....

Gordiño e rosado, vive no cortello. ....

No medio do rabaño sempre bea. ....

O marido da anterior, máis grande ca ela. ....

A naiciña do poldro vive na corte. ....

O fillo da cabra e mais do castrón. ....

Cacarexa e cacarexa subida no poleiro. ....

**2** Completa a fábula cos diálogos dos personaxes e escribe unha sentenza.

Un día, a arteira raposa falaba cun galo que estaba subido na póla dunha árbore.

— .....

.....

O galo, que sabía que a raposa quería enganalo, díxolle:

— .....

.....

.....

Ao oír a palabra «cazador», a raposa botou a correr moi asustada.

E así, con esta sinxela mentira, o galo, que non vira ningún cazador, puido liberarse da raposa.

**Sentenza:**

.....

.....

.....

Nome e apelidos: .....

Curso: ..... Data: .....

**1** Escribe os nomes dos cuartos que aparecen sinalados no debuxo da casa:



1. ....

2. ....

3. ....

4. ....

5. ....

6. ....

7. ....

8. ....

**2** Escolle un destes prefixos e forma palabras novas: **re-**, **des-**, **pre-**, **extra-**.

.....mover

.....dicir

.....terrestre

.....ver

.....tapar

.....lucir

.....escolar

.....colocar

.....caer

**3** Elixe un adxectivo para cada nome e escribe unha oración coas parellas:

**Nomes:** tellado, cristais, porta, faiado.

**Adxectivos:** ancha, vermello, sucio, limpos.

.....

.....

.....

.....

**4** Enche os ocros coas terminacións **-ivo/-iva**, **-ava/-avo/-ave**, **-eve**, **-ovo**:

atract.....

su.....

deport.....

escr.....

alt.....

oit.....

fest.....

br.....

l.....

iugosl.....

v.....

n.....